



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 31 DE AGOSTO DE 2020

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón Azul do Edificio Liceo, o próximo luns 31 de agosto de 2020 ás 20:30 en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo do cambio do local de realización da sesión é debido a poder manter a distancia de seguridade entre os/as asistentes por mor das medidas de protección fronte á Covid-19

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. Toma de posesión da concelleira do BNG D<sup>a</sup> Amelia Sánchez Pérez
2. Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.
3. Solicitude da subvención PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA destinado aos concellos de menos de 50.000 habitantes.
4. Moción do PP relativa aos colectores do lixo
5. Moción do PP sobre a elaboración dun plan do estado de barrios e parroquias.
6. Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario accidental

José Cortés Carro